

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 05/10/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 05/10/2020 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LINO MOURIÑO SANTIAGO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28 de setembro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/3239

Dáse conta do escrito presentado por Dona Sheila Miguel Padín, en representación de Vial Santa Eulalia SL solicitando unha zona exclusiva para realizar as manobras de destreza dos alumnos/as no Polígono Industrial do Pousadoiro.

Dáse conta de Informe da Policía Local no que se indica que coa data de 15 de xaneiro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou autorizar á citada empresa para a realización de manobras de destreza no Polígono Industrial do Pousadoiro, co seguinte horario:

Inverno: de 8 a 12, de 14 a 16 e de 20 a 21 horas

verán: de 8 a 12, de 14 a 16 e de 22 a 24 horas.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local de data 4 de xuño de 2018 acordou autorizar a Autoescola Umia para a realización de manobras de destreza no mesmo lugar e horario.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e co fin de evitar conflitos, acorda fixar horarios e días alternos para as dúas empresas, unha semana uns de mañá e outros de tarde, e a seguinte ao contrario, comezando pola Empresa Vial Santa Eulalia SL de mañá a 1ª semana, por ser a primeira que obtivo a licenza, e polo tanto de tarde a 1ª semana a Autoescola Umia.

Dar conta á Policía Local e comunicar a Vial Santa Eulalia e Autoescola Umia aos efectos oportunos.

PRP2020/3516

Vista a proposta do Responsable de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Doublet Ibérica SA para o subministro de 10 papeleiras de reciclaxe para mascarar e guantes en cada unha das plantas do Concello, así como nos aseos (5 papeleiras cartón para mascarar e guantes) e 5 papeleiras con pedal zone 30 lts. plástico metal para os aseos), por un importe total de 568,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3453

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL para o subministro de nove CPU's para as oficinas Municipais, por un importe total de 6.419,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3517

Dáse conta do escrito presentado por D. Wenceslao Besada García solicitando sinalización da Rúa Vandorra por incidencias en canto ao estacionamento.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda a sinalización de liña amarela horizontal do lado esquerdo da Rúa Vandorra- sentido entrada por Avda. de Cornazo- ata a zona onde a calzada se ensancha ata o 7,5 m. de xeito que do lado dereito, teriamos un anaco (ancho de carrís de 6,5 m.) de beirarrúa diante do nº 4 e de novo a calzada voltaría a anchearse.

Así mesmo acórdase o repintado da calzada "STOP" e liña branca contínua delimitativa dos carrís de circulación na entrada e ata o ensanchamento da calzada.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2020/3518

Vista a proposta do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por LRD Racing SL para o subministro dun motor fora-borda, marca Suzuki, modelo DF 90 ATL, para a embarcación pneumática do citado Servizo (8ª VILL-3-1-19), por un importe total de 13.182,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.633.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3519

Vista a proposta do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste SL para o subministro da aplicación para xestión integral de parques de bomberos e servizos de emerxencia CITECNO, por un importe total de 9.500,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.64100.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3520

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Aldiesa Obras y Servicios SLU para a fabricación de ceston filtro para

o Bombeo de A Concha, por un importe total de 2.280,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3522

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de ventás do tellado (Velux) mediante selado con tela butílica impermeable, reparación de canlón e limpeza do mesmo, colocación de tela asfáltica no edificio da Casa de Cultura de Vilagarcía de Arousa e colocación de onduline en edificio lindeiro, por un importe total de 5.445,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3523

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Enrique Manuel rodríguez Barreiro SL (Hiperferro) para o subministro de material para facer parrillas de pluviais en Pedroso - Bamio, por un importe total de 688,66 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2020/3488

Detectado un erro no informe de servizo e consecuentemente na proposta elevada a XGL (PRP2020/3087)do expediente PROMECON/2020/000537, por consignación incorrecta nos datos identificativos do beneficiario, a Xunta de Goberno Local acordar a rectificación do devandito erro acordando outorgar unha subvención por contía de 300 € a JORGE PAZOS GARCIA Nif: 35468650M , e sendo a súa actividade profesional: taxista.

PRP2020/3487

Dáse conta do escrito presentado a través da Sede electrónica o 23 de setembro por D. CARLOS MANUEL PÉREZ DIZ -35437294k en representación da empresa CARLOS PEREZ AUTOMOCIÓN S.L. CIF: B36450492, no que RENUNCIA á subvención concedida no expediente PROMECON/2020/000262.

A Xunta de Goberno Local acorda ter por formalizada a renuncia á solicitude de axuda e consecuentemente non facer efectivo o aboamento da cantidade concedida.

PRP2020/3495

Revisado o expediente de referencia de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á Reactivación da Actividade Económica, presentado por Restaurante Asador Ciprés SL, Establecemento Asador Acebo, INFÓRMASE Que, segundo solicitude formulada e declaración responsable asinada pola mesma, a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas aprobadas como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, e, por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada por contía de CINCOCENTOS EUROS (500,00€) e o recoñecemento da obriga de pagamento con cargo á partida orzamentaria 4311-470.

A resolución aprobatoria da concesión de axuda, terá carácter provisional. Porén, unha vez presentada en forma e prazo a xustificación das perdas económicas sufridas durante a permanencia do estado de alarma, mediante a aportación da documentación establecida na Base Décima, apartado 2 das bases reguladoras, a presente resolución terá carácter definitivo. A tal efecto, a partir da data de aboamento da axuda e dentro do prazo establecido na Base Décima da convocatoria o/a beneficiaria deberá aportar a devandita documentación xustificativa.

PRP2020/3496

Revisado o expediente de referencia de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á Reactivación da Actividade Económica, solicitado por D. Manuel Martín Brianes del Río (venta ambulante prendas de vestir) INFÓRMASE:

PRIMEIRO. Que a Base TERCEIRA das Bases reguladoras referidas aos beneficiarios, establece nos seus punto A) apartados A.1 e A.3. respectivamente, que a persoa física ou xurídica titular, deberá figurar como alta no Rexistro de matrícula do IAE do Concello de Vilagarcía de Arousa e o local comercial ou establecemento no que, no seu caso, se desenvolva a actividade terá a súa localización física dentro do termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

SEGUNDO. Que na certificación de IAE aportada polo solicitante, non consta que o solicitante figure de alta no Concello de Vilagarcía. Porén, consultados os datos obrantes no censo de mercados municipais e solicitado informe ao encargado de mercados, por este, infórmase que D. Manuel Martín Brianes del Río, consta dado de alta como concesionario de posto fixo (Lic. Nº 190, titular do posto 80) situado na prazoleta detrás da praza da verdura, dedicando o seu posto venda polo miúdo de prendas de vestir.

Tendo en conta o exposto, o solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas aprobadas como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, e, por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada por contía de CINCOCENTOS EUROS (500,00€) e o recoñecemento da obriga de pagamento con cargo á partida orzamentaria 4311-470.

A resolución aprobatoria da concesión de axuda, terá carácter provisional. Porén, unha vez presentada en forma e prazo a xustificación das perdas económicas sufridas durante a permanencia do estado de alarma, mediante a aportación da documentación establecida na Base Décima, apartado 2 das bases reguladoras, a presente resolución terá carácter definitivo. A tal efecto, a partir da data de aboamento da axuda e dentro do prazo establecido na Base Décima da convocatoria o/a beneficiaria deberá aportar a devandita documentación xustificativa.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2020/3541

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as normas que rexerán a selección dos premios anuais ós/as mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da rede municipal de bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Carril, Bamio e Vilaxoán), dirixidos a usuarios/as de idades comprendidas entre 6 e 12 anos, inclusive.

Os/as premiados/as recibirán un lote de libros adaptado ás distintas idades, así como un diploma acreditativo.

PRP2020/3542

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un importe de 250,00 € (IVE incluído) , con cargo á partida 3261.22799, para aboamento do seguinte servizo:

- Aloxamento web dende outubro 2020 ata outubro 2021 da páxina do Festival www.clasclas.com na plataforma Wix.com LTD.

Acórdase así mesmo a provisión de fondos polo citado importe de 250,00 € a favor da Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez para o aboamento, mediante tarxeta bancaria do Concello.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2020/3472

Dáse conta de Resolución da Axencia de Turismo de Galicia de concesión a este Concello dunha subvención para o proxecto "Vilagarcía, Cidade do Libro 2020", por un importe de 16.967,75 €.

Dáse conta de Proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado de reaxuste debido á situación derivada da pandemia do COVID-19, solicitando o cambio na denominación do programa: Vilagarcía, Cidade do Libro 2021 e o cambio de datas de execución das actividades, pasando a desenvolverse do 20 ao 27 de xuño de 2021.

Concepto	Orzamento subvencionable	Puntuación	Porcentaxe	Subvención concedida
VILAGARCÍA, CIDADE DO LIBRO 2020	37.706,10 €	72	45%	16.967,75 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da resolución de concesión da subvención, así como do reaxuste do programa proposto.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/3360

Dáse conta de informes emitidos en relación coa EDAR de Vilagarcía de Arousa pola Empresa AM2, así como o informe presentado pola Empresa Espina & Delfín SL.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o informe da Empresa AM2 a Espina & Delfín SL sobre a avaliación estrutural e do reactor biolóxico da EDAR de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3452

Dáse conta de solicitude da Agrupación de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de prórroga para a realización dos traballos e presentación da documentación xustificativa en relación coas axudas municipais á proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2020.

No BOPPO de 11 de xuño de 2020 publicáronse as bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes para o ano 2020.

O día 30 de xuño de 2020 a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira e/r da AGRUPACIÓN das Comunidades de montes en man común de Trabanca Sardiñeira, Trabanca Badiña, Rubiáns, Cea, Guillán, Sobrán e Vilaxoán, Loenzo, Bamio e Fontecarmoa presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, solicitude das referidas axudas.

Por acordo de XGL de 24 de agosto de 2020 acordouse a concesión dunha axudas á AGRUPACIÓN DAS CMVMC por un importe de 84.993,84 euros.

Na base 5.1 das mencionadas bases establece que se fixa como data máxima para a execución das accións para xustificar e para a presentación da documentación xustificativa e finalización do período de xustificación o 20 de outubro de 2020.

Por escrito datado o día 16/09/2020 a Agrupación de comunidades solicita unha prórroga de CATRO MESES a partir da data de xustificación en base ao seguinte:

- Con data 29/06/2020 solicítase ao Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia informe sectorial para a realización de traballos solicitados na axuda municipal.
- Das seis solicitudes presentadas recíbese notificación de resolución da Xunta de Galicia o día 10/09/2020 para cinco delas e un requirimento de documentación para Trabanca Badiña.
- Nesa Resolución establécese que os CMVMC de Bamio, Trabanca Sardiñeira e Guillán poden realizar as actuación a partir do día da recepción da resolución que foi o 10/09/2020. Sen embargo as CMVMC de Sobrán, Loenzo e previsiblemente Trabanca Sardiñeira é preciso facer un PROXECTO DE CONTROL ARQUEOLÓXICO antes do inicio dos traballos.
- A obrigatoriedade de realización dese proxecto implica que, unha vez redactado (dúas semanas aproximadamente) debería presentarse na Xunta e agardar a autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (dous ou tres meses de media)
- Unha vez recibida a devandita autorización poderían iniciarse os traballos.

De non concederse a prórroga solicitada as actuacións que precisan os controis arqueolóxicos non se poderían realizar, debido a que non poderían iniciar os traballos ata ter a autorización da Xunta e perderían os seguintes importes:

- CMVMC DE LOENZO: 2.453,22 € (rodal da plantación)
- CMVMC DE SOBRAN : 1.595 € (pista Coto Arrade)
- CMVMC DE TRABANCA BADIÑA: 4.529,37 € (rodais 4 e 6)

Total que non se podería executar por falta de prazo de execución: 8.577,59 euros.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlles unha prórroga para a realización dos traballos e presentación da documentación xustificativa ata o 30 de novembro de 2020.

PRP2020/3492

Vista a proposta do Servizo Municipal de Parques, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Lappset España para reposición, por rotura, da tirolina no Parque de Matosinhos (substitución cable, asento e freo), por un importe total de 1.240,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2020/3503

A Xunta de Goberno Local de data 7 de setembro de 2020 acordou adxudicar unha serie de actuacións e subministros para a celebración do evento AS 9 NA PRAIA, entre os que figuraba:

Aluguer Carpas, con tarima e luz:

- Baigar SL, por importe de 1.815,00 € (IVE incluído)

Debido á imposibilidade de Baigar SL de subministrar as citadas carpas, foron solicitadas á Empresa ADELANTE EVENTOS E SERVICIOS SL, polo mesmo importe económico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o cambio de adxudicatario do aluguer de carpas para o evento AS 9 NA PRAIA, a favor de Adelante Eventos e Servicios, SL polo importe de 1.815,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.203.

PRP2020/3555

Dáse conta da sinatura do convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o financiamento das Festas de San Roque 2020, por estar declaradas de interese Turístico Nacional, polo que a Axencia de Turismo de Galicia achega 15.000 € e ABANCA 5.000 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2020/3451

Dáse conta de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 254/2019C, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por D. Juan José Mouriño Giraldez, motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial desestimada por Xunta de Goberno Local por danos sufridos no vehículo matrícula 5021CTJ

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao aboamento da cantidade de 790,87 € (mais xuros legais correspondentes), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 131/2020 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra.

SEGUNDO: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigación a favor de D. Juan José Mouriño Giraldez polo importe de 600,00 euros a que ascende a franquía, imputándoo á partida 929.22699.

TERCEIRO: comunicar este pagamento á empresa aseguradora Mutua General de Seguros para que proceda á execución da sentenza pola diferenza entre a franquía concertada na póliza asinada (600,00 €) e o total da cantidade que resulta do cumprimento da citada sentenza.

PRP2020/3473

Dáse conta da reclamación formulada o día 01/07/2020 por Dna. MANUELA FAURE VÁZQUEZ con DNI: 36053481S, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 29/06/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido a baldosas levantadas na Praza de Ravella n.º 23.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:

Características da vía: Zona peonil de lousas de pedra de 0,60 x 0,40, cun ancho total de 8,40 m con iluminación pública.

Informe sobre a deficiencia alegada: Vista inspección ocular na dirección indicada, existe 1 lousa de pedra, a cal ao pisala levántase dun dos extremos 2,3 cm aproximadamente. Dita lousa atópase contra un dos lados da rúa, quedando libre de paso 2 m a un lado e 6 m ao outro, sen ningún obstáculo que impida a visibilidade da mesma.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que e á vista da reclamación non se desprende que esteamos ante un espazo público impracticable ou perigoso para o tránsito de peóns, considerando que a existencia dunha mínima irregularidade na rúa, nonconstitúe unha anomalía fóra dos parámetros de racionalidade.

Doutra banda, non consta a presenza da Policía Local no momento do sinistro para que verificase in situ a posible causa do accidente e tampouco testemuñas nin caídas anteriores na mesma zona.

PRP2020/3477

Dáse conta da reclamación formulada o día 23/05/2020 por Dna. MARÍA ESPERANZA FERNÁNDEZ NEIRA con DNI: 35444636A na que reclama os presuntos danos sufridos o día 16/05/2020, pola súa nai Dna. MARÍA NEIRA FERREIRO, cando segundo a súa manifestación, esta cae debido a un escalón deteriorado e levantado na zona da estación de autobuses.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:

Características da vía: Zona peonil na Rúa López Ballesteros.

Informe sobre a deficiencia alegada: Realizada inspección ocular na zona do presunto sinistro, si se observan as plaquetas de gres levantadas por mor da raíz dunha árbore, pero a zona onde se atopan non é de titularidade municipal.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación presentada, dado que a zona na que se produciron os danos non é de titularidade municipal polo que deberá presentar a súa reclamación, se o estima oportuno, ante o titular dos terreos.

PRP2020/3478

Dáse conta da reclamación formulada o día 27/01/2020 por Dna. MARÍA MANUELA VÁZQUEZ SANTOS con DNI: 35173647B, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 25/01/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido ao mal estado das baldosas na beirarrúa da Avda de Cambados na confluencia co cruce das Pistas (Piñeiríño).

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:
Características da vía: Beirarrúa de 13 m de ancho, na que se atopan bancos, contenedor de pilas, servizo municipal de préstamo de bicicletas e varias árbores.

Informe sobre a deficiencia alegada: En dita beirarrúa, na contorna de árbores, debido ao seu gran tamaño, as raíces destes levantaron uns tramos de baldosas duns 20 m² (5x4), non existindo elemento que dificulte a visibilidade das baldosas levantadas. Queda libre de paso 4,30 m a un lado e 3,50 m ao outro

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que e á vista da reclamación da lesionada, non se desprende que esteamos ante un espazo público impracticable ou perigoso para o tránsito de peóns, considerando que a existencia dunha mínima irregularidade na rúa, non constitúe unha anomalía fóra dos parametros de racionalidade e de entidade suficiente como para provocar a caída da reclamante, quen podería evitalo sen dificultade, e máis sendo que os feitos ocorren a plena luz do día. Doutra banda, non consta a presenza da Policía Local no momento do sinistro para que verificase in situ a posible causa do accidente e tampouco testemuñas nin caídas anteriores na mesma zona.

PRP2020/3479

Dáse conta de reclamación formulada o día 05/06/2020 por Dna. MARÍA LUISA PEREDA SALGADO con DNI: 32756407Z, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 29/05/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido a baldosas levantadas e irregulares na Avda. Rodrigo de Mendoza n.º 68.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:

Características da vía: Beirarrúa de 2 m de ancho máis soportal de edificio de 1,50 m. Dita beirarrúa componse de baldosa de 40 x 40 máis rebaixe de bordillo de formigón.

Informe sobre a deficiencia alegada: Á altura do n.º 66 da Avda Rodrigo de Mendoza, na entrada ao garaxe do edificio, aprecianse 3 baldosas soltas, cercanas ao bordillo, quedando libre de paso 1 m de beirarrúa máis o soportal. Non hai ningún elemento ou mobiliario urbán que dificulte a visibilidade das baldosas soltas.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal xa que á vista da reclamación presentada non se desprende que esteamos ante un espazo público impracticable ou perigoso para o tránsito de peóns, considerando que a existencia dunha mínima irregularidade na rúa, non constitúe unha anomalía fóra dos parametros de racionalidade.

Doutra banda, non consta a presenza da Policía Local no momento do sinistro para que verificase in situ a posible causa do accidente e tampouco caídas anteriores na mesma zona.

PRP2020/3480

Dáse conta da reclamación formulada o día 09/07/2020 por Dna. MARÍA DEL CARMEN IGLESIAS MARTÍNEZ con DNI: 35455604T, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 04/07/2020, cando segundo a súa manifestación, cae debido ás imperfeccións do pavimento na Rúa Valentín Viqueira.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que se indica:

Informe sobre a deficiencia alegada: Desde o servizo non podemos comprobar se hai deficiencias debido a que no principio hai 2 rúas co nome Valentín Viqueira, non indicando en cal delas foi nin

o número da posible caída. Na rúa Valentín Viqueira/Carril, sí estivemos facendo reparacións durante 1 mes aproximadamente pero antes da reclamación.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal xa que á vista da reclamación porque non se concreta o número nin a rúa na que se produciron os feitos.

PRP2020/3499

Dáse conta da reclamación formulada o día 30/06/2020 por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal en representación de INSTALACIONES ECOVILA, S.L., na que reclama os presuntos danos sufridos o día 27/02/2020, cando segundo a súa manifestación, circulando o vehículo matrícula 1510FPD pola Rúa Regueira á altura do n.º 22 e ao tratar de apartarse dun vehículo que circulaba en sentido contrario, como consecuencia da falta de sinalización introduce a roda dianteira na cuneta.

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, no que indica:

Existe iluminación pública: Sí

Características da vía: Rúa de dobre sentido en plano lixeiramente ascendente, sen división de carrís cun ancho practicable no lugar de saída de vía de 5,10 m, limitando a marxe dereita con cuneta seguida de muros de peche e a marxe esquerda con muros.

Informe sobre a deficiencia alegada: Vista a inspección ocular por parte do servizo de obras, non se aprecia ningunha deficiencia na rúa, salvo que a cuenta atópase cunha pouca vexetación.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal por entender que se o condutor adoptase a dilixencia que lle é esixible nun vehículo de motor (adaptando a súa conducción ás circunstancias do lugar) resultarlíalle perfectamente posible evitar os danos reclamados (non constan accidentes anteriores no mesmo tramo).

CONTRATACIÓN

PRP2020/3485

Dáse conta do informe presentado por SERVICIO CULTURA, DEPORTE Y RECREACIÓN SL en relación co investimento de climatización e mellora da eficiencia enerxética da Piscina Municipal de Fontecarmoa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/3497

Dáse conta do expediente de contratación CT 32/2018 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar a prestación do contrato mixto de subministro con instalación denominado "Instalación de Parques Caninos en Vilagarcía", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con Cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2018-19, cun orzamento de licitación de 47.797,31 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- Crous Expert SL
- Zona de Obra O Rosal SL

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración das ofertas das empresas admitidas á licitación é a seguinte:

LICITADOR	Puntuación: OFERTA ECONOMICA (SEN IVE)	Puntuación: MELLORA A2-1 (Execución de vallado perimetral)	Puntuación proposta técnica	Total Puntuación
Crous Expert S.L	25	0	12	37
Zona de Obra O Rosal, S.L	12,02	50	25	87,02

De conformidade á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, Ordeadas de maneira decrecente:

Orden: 1 CIF: B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL proposto para a adxudicación.

Total criterios CJV: 25.0

Total criterios CAF: 62.02

Total puntuación: 87.02

Orden: 2 CIF: B67152173 CROUS EXPERT SL

Total criterios CJV: 12.0

Total criterios CAF: 25.0

Total puntuación: 37.0

Á vista do que antecede, a Xunta de goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado CT 32/2018-e - Instalación de parques caninos en Vilagarcía”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018/19, cun orzamento de licitación 47.797,31 € (IVE incluído), á empresa con CIF: B94106663- ZONA DE OBRA O Rosal SL, de conformidade coa súa oferta, que ascende a 33.576,62 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 7.051,09 €, o que totaliza un importe de 40.627,71 € (IVE incluído) e que contén as melloras que se indican a continuación , por ser esta oferta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

- Melloras ofertadas: Execución de valado perimetral do parque canino denominado “Ampliación Fexdega” con lamas de polietileno de cores con estrutura de madeira.

PRP2020/3500

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os traballos de limpeza dos Leóns e Xarróns de Ravella a Dona Iria López Baltar, por un importe total de 955,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 336.61900, de conformidade co orzamento presentado. (Limpeza dos leóns e xarróns e redacción de memoria final, con reportaxe fotográfica dos procesos).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3501

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a redacción do proxecto e os traballos de colocación e restauración do remate da Fonte da Praza de Rafael Pazos en Vilaxoán a Dona Iria López Baltar, por un importe total de 2.105,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 336.61900, de conformidade co orzamento presentado, que contempla os seguintes traballos:

- Proxecto previo.
- Restauración e colocado do remate
- Limpeza da pía da fonte
- Redacción da memoria final, con reportaxe fotográfica dos procesos

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/3513

Dáse conta do expediente de contratación CT 84/2019 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no Proxecto denominado "Formación de Ruta de acceso peonil a Berdón. Vilagarcía de Arousa", cofinanciadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) - GDR 17 Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla Umia, cun orzamento de licitación de 73.321,87 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L
- CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L
- IDM TIMBER ENGINEERING,S.L.
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.
- ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración das ofertas das empresas admitidas á licitación é a seguinte:

LICITADOR	OFERTA ECONOMICA Sen IVE	Puntuación Oferta Económica	Puntuación MELLORA: INCREMENTO DO PRAZO MINIMO DE GARANTÍA	Puntuación MELLORA: DO INSTALACION DE MADERIA DE PINO	Total Puntuación
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L	52.800,00 €	14,7 puntos	36 puntos	44 puntos	94,7
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	57.327,37 €	6,16 puntos	36 puntos	44 puntos	86,16
IDM TIMBER ENGINEERING,S.L.	54.500,00 €	11,49 puntos	36 puntos	44 puntos	91,49
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	59.993,36 €	1,14 puntos	36 puntos	44 puntos	81,14
REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	49.986,00 €	20 puntos	36 puntos	44 puntos	100
ZONA DE OBRA O ROSAL SL	51.810,08	16,56 puntos	36 puntos	44 puntos	96,56

De conformidade á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, Ordeadas de maneira decrecente:

Orden: 1 CIF: B70045497 REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. proposto para a adxudicación.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

Orden: 2 CIF: B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.56

Total puntuación: 96.56

Orden: 3 CIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 94.7

Total puntuación: 94.7

Orden: 4 CIF: B24642241 IDM TIMBER ENGINEERING,S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 91.49

Total puntuación: 91.49

Orden: 5 CIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 86.16

Total puntuación: 86.16

Orden: 6 CIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 81.14

Total puntuación: 81.14

Á vista da orde de clasificación das ofertas, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o da obra denominado "FORMACIÓN DE ROTEIRO DE ACCESO PEONIL A BERDÓN. VILAGARCÍA DE AROUSA", cofinanciadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla, cun orzamento de licitación de 73.321,87€ (IVE/IVE incluído), á empresa CIF: B70045497 REVCOM ENERXIAS RENOVABLES, S.L. por ser a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adjudicación previstos no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación:

- Prezo ofertado: 49.986,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 10.497,06 €, o que totaliza un importe de 60.483,06 € (IVE 21% incluído).

- Melloras:

-Incremento do Prazo de Garantía 4 anos

-Instalación de pasarela de madeira de piñeiro tratado en autoclave.

PRP2020/3521

Dáse conta do expediente de contratación CT 122/2018 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adjudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Reparación da Terraza do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, con Cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan concellos) 2018-19, cun orzamento de licitación de 268.670,36 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

PRADO LAMEIRO SL

CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.

COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.

PROYECTOS Y REFORMAS JACINTO, S.L.

PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

OBRAS GALLAECIA SL

CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.

CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L

MODO CASTE S.L.

COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

ZONA DE OBRA O ROSAL SL

EMERGIS CONSTRUCCION S.L.

CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.

CIES OBRA CIVIL SL

CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR S.L

SERGONSA SERVICIOS, S.L.

ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.

INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.

PROYECON GALICIA,S.A.

OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.

BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.

DEGALLE CONSTRUCCIONES S.A.

CYS HISPANIA S.L.

HOGAR SECO SL

IMPERVELPER,S.L.

MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

ORION REPARACIÓN ESTRUCTURAL SL

Dáse conta de que a Empresa ORIÓN REPARACIÓN ESTRUCTURAL, S.L. non subsanou os defectos de que adoece a oferta presentada polo que se exclúe da licitación.

Dáse conta da xustificación da oferta anormalmente baixa e desproporcionada presentada polas seguintes empresas, e do informe negativo do Arquitecto Técnico D. José M. Millán Armas:

- COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS SL

- INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración das ofertas das empresas admitidas á licitación é a seguinte:

Licitador	Oferta económica	Total puntos
PRADO LAMEIRO SL	163.667,00	95,08
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	171.785,00	91,59
COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	182.296,15	87,08
REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	181.159,79	87,57
PROYECTOS Y REFORMAS JACINTO, S.L.	205.000,00	7,32
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	221.597,54	70,19
OBRAS GALLAECIA SL	183.900,00	86,39
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	159.536,90	96,86
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	174.457,00	90,45
MODO CASTE S.L.	170.850,00	92,00
COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	152.222,00	100,00 Proposto para exclusión
ZONA DE OBRA O ROSAL SL	182.074,13	87,17
EMERGIS CONSTRUCCION S.L.	175.220,06	90,12
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	166.575,62	93,83
CIES OBRA CIVIL SL	189.641,18	83,92
CUBIERTAS Y PINTURAS HERGAR S.L	199.615,42	9,64
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	166.787,00	93,74
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	183.182,30	86,70
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS S.L.	155.486,63	98,60 Proposto para exclusión
PROYECON GALICIA,S.A.	191.885,00	82,96
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	193.735,54	82,16
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	180.653,06	87,78
DEGALLE CONSTRUCCIONES S.A.	172.726,17	91,19
CYS HISPANIA S.L.	158.571,75	97,27

HOGAR SECO SL	205.176,00	77,25
IMPERVELPER,S.L.	195.041,00	81,60
